



CONCELLO DE REDONDELA

Resolución da Alcaldía

Expte nº: 1692/2018

Procedemento: Procedemento de Contratación

Título: Acondicionamento e mellora de camiños municipais en Saramagoso, O Viso, e as Cabritas, Reboreda, Redondela (Plan Concellos 2018-2019)

Responsable: Contratación.mgm

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Mediante resolución da Alcaldía núm. 3050/2018 de data 05.11.2018 iniciouse o expediente para a contratación da obra de Acondicionamento e mellora de camiños municipais en Saramagoso, O Viso, e as Cabritas, Reboreda, Redondela, incluída no Plan Concellos 2018-2019, anualidade 2018, segundo o proxecto técnico redactado e asinado electronicamente con data do 08.10.2018 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Alberto Puig González, cun orzamento que ascende a 38.216,18 euros, máis o IVE do 21% por importe de 8.025,40 euros, o que fai un total de 46.241,58 euros, a licitar mediante procedemento aberto súper simplificado, previsto no apartado 6 do artigo 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Públicos.

Concedida, mediante resolución da Presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra do 24.10.2018, a cantidade de 46.241,58 euros para a execución do investimento denominado *Acondicionamento e mellora de camiños municipais en Saramagoso, O Viso, e as Cabritas, Reboreda, Redondela* con cargo ao Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2018-2019, anualidade 2018.

Replaneada a obra (acta de trazado previo asinada polo redactor do proxecto técnico con data 02.11.2018, posterior á aprobación deste), redactado o prego de cláusulas administrativas particulares, de data 08.03.2019, e emitida pola Intervención municipal, con data 05.11.2018, certificación que acredita a existencia de crédito definitivo por importe de 46.241,58 euros na aplicación 1531A/6190018 do estado de gastos do orzamento do Concello de Redondela vixente.

Visto o informe emitido polo secretario xeral municipal núm. 134/2018 (CV L4ZCF4AKJXJLKL7QWAFR972NE) de data 18.12.2018.

Lido o informe do interventor municipal con referencia ASR-08.03.19.1 (CV 59P9R9LPX2F9THNMHEWFMMFH6), do 08.03.2019, que consta de doce páxinas con antecedentes, lexislación aplicable, vinte e seis consideracións e conclusións.

Vista a conformidade do secretario municipal co prego de cláusulas administrativas particulares de data 8 de marzo de 2019 asinado por el mesmo.



CONCELLO DE REDONDELA

Esta Alcaldía, considerando máis adecuado tramitar a contratación desta obra por lotes e polo procedemento aberto súper simplificado e ao abeiro das competencias que lle confire a lexislación vixente,

RESOLVE

Primeiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, de data 08.03.2019 (CV 4ALHLDE9CKXSK92AGW9L9C67T).

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación e aprobar o gasto con cargo ao crédito existente na aplicación **1531A/6190018** do estado de gastos do orzamento prorrogado para ao ano 2019.

Terceiro.- Dispoñer a **apertura do procedemento de adxudicación**, polo **procedemento aberto súper simplificado**, previsto no apartado 6 do artigo 159 da LCSP, para a contratación, por lotes, da obra de **Acondicionamento e mellora de camiños municipais en Saramagoso, O Viso, e as Cabritas, Reboreda, Redondela**, financiada con cargo ao **Plan Concellos 2018-2019, anualidade 2018**, de acordo co proxecto técnico redactado e asinado electronicamente con data 08.10.2018 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Alberto Puig González e aprobado por resolución da Alcaldía núm. 2854/2014 do 19.10.2018, por un importe máximo de **38.2116,18 euros, máis o IVE do 21%** por importe de 8.025,40 euros, o que fai un total de **46.241,58 euros** e coa seguinte desagregación para cada un dos lotes obxecto do contrato:

Lote nº 1 Actuacións no camiño Torreiro do Viso (lugar Saramagoso-O Viso) e no camiño Costa da Peneda (lugar Saramagoso-O Viso): 22.210,17 euros, máis o IVE do 21% por importe de 4.664,14 euros, o que fai un total de 26.874,31 euros.

Lote n.º 2 Actuacións no camiño Fondo do Canudo (lugar As Cabritas-Reboreda) e no camiño das Cabritas (lugar As Cabritas-Reboreda): 16.006,01 euros máis o IVE do 21% por importe de 3.361,26 euros, o que fai un total de 19.367,27 euros.

Cuarto.- Segundo se dispón no artigo 135 da LCSP, **insertar anuncio e pregos no perfil do contratante** do Concello de Redondela, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, establecendo un **prazo de dez (10) días hábiles** contados dende o seguinte á data de inserción do anuncio de licitación como límite **para presentar proposicións**.

Documento datado e asinado electronicamente á marxe